



## MANIFIESTO 25N

### DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O *Centro Integrado de Formación Profesional Rodolfo Ucha Piñeiro* de Ferrol dispónse a realizar o manifesto para o 25N.

O 25 N é un día recoñecido a nivel mundial como o *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres*. A violencia contra a muller é a máxima expresión da desigualdade no mundo. Está considerada pola IV Conferencia Mundial sobre a Muller.

A súa erradicación é meta dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: *eliminar toda violencia contra todas as mulleres e nenas en todos os ámbitos público e privado*. É o número 5 da Axenda 2030, un documento de compromiso asinado por 193 países da ONU, entre eles España, co fin de construír un mundo máis xusto e igualitario.

Comezamos este manifesto con **datos estatísticos** que analizamos do informe do Ministerio de Igualdade e resaltando os que máis non impactaron:

1. No que vai de ano mataron a 38 mulleres
2. Unha delas foi menor de idade
3. Deixaron orfos, a consecuencia destas mortes, a 26 persoas
4. O tipo de relación maioritaria era unha relación sentimental en parella

Eliminar estes datos non é unha opción, é unha obriga. Esta obriga require dun compromiso de toda a cidadanía, de todos, homes e mulleres durante todos os días do ano.

Para conseguilo, dende o Rodolfo Ucha Piñeiro:

- Queremos apostar por facer unha deconstrución da masculinidade tóxica que fai dano e envelena aos homes, queremos rexeitar todas aqueles estereotipos que enfatizan nos homes trazos exaxerados que en ocasións os obrigan a determinados comportamentos moi antigos.
- Queremos apostar pola coeducación en igualdade e en valores, aquela educación que respecte a diversidade e a importancia de todos os seres humanos
- Queremos unha educación en afectividade e unha educación en sexualidade dende a infancia baseada na igualdade e no respecto mutuo entre persoas
- Queremos igualdade, respecto, xustiza, poder elixir, dialogar, querer, ser felices, ser axudados e ser valentes

Para rematar este manifesto e darlle a solemnidade que se merece á conmemoración deste día, convidamos a **gardar un minuto de silencio** en recordo e homenaxe a todas as vítimas da violencia de xénero e como mostra de repulsa ante un problema estrutural moi grave que nos involucra a toda a sociedade.